

Asembleas realizadas o día 21/01/2013

Convocatoria:

Na asemblea realizada o día 16 na Coruña. coa finalidade de que a toma de decisión se faga polo maior número de traballadores posible, e por votación maioritaria dos/das presentes tómase a decisión de que se realice outra asemblea o luns, día 21, para proceder á votación da proposta definitiva de RPT transmitida pola Xerencia.

En cumprimento desa decisión, e coa finalidade de proceder á votación da proposta de RPT, convócanse as asembleas:

Ás 14:30 horas no Salón de Graos da Facultade de Humanidades de Ferrol.
Ás 18:00 no Salón de Graos da Facultade de Socioloxía na Coruña.

Nas asembleas póñense a votación as seguintes alternativas:

- Pronunciamento de si á proposta de RPT con matizacións
- Pronunciamento de non á proposta de RPT con matizacións
- Informe con matices pero sen pronunciamento
- Abstención

Realizáronse as votacións co seguinte resultado:

	Si con matices	Non con matices	Informe, sen pronunciamento	Abstencións
Ferrol	5	7	1	2
A Coruña	29	9	7	1
Totais	34	16	8	3